

O BNG demanda unha actuación clara do PP en contra dos proxectos mineiros que afectan á provincia de Ourense

O BNG vai levar esta cuestión, que está a preocupar a milleiros de cidadáns e cidadás aos distintos ámbitos institucionais. Dentro desas iniciativas, queremos anunciar que unha delegación de representantes das distintas plataformas acudirá a Bruxelas, convidados pola eurodeputada do BNG, Ana Miranda.

Xinzo da Limia, 4 de maio de 2013. Na reunión de traballo mantida polo BNG en Xinzo, con cargos institucionais da comarca da Limia, para abordar as últimas novas en relación coa situación dos distintos proxectos mineiros que afectan á nosa provincia, e singularmente co da mina de feldespatos da Limia queremos manifestar:

1. O BNG amosa o seu **apoiro rotundo ás xustas reivindicacións e demandas dos veciños e veciñas dos concellos afectados**, e en consecuencia ás plataformas que están a canalizar este gran descontento social.
2. Fronte á **política de confusión practicada polos responsábeis do Partido Popular na Xunta de Galiza demandamos clarezas e concisión**, e pedímoslle ao presidente Feijoo que publicamente diga se está pola defensa dos intereses dos veciños e veciñas e polo tanto das economías de comarcas cunha clara vocación agro-gandeira, ou está a favor dos intereses de empresas, foráneas nalgún caso, que non só non aportan ningún valor engadido, se non que son **claramente incompatibles co desenvolvemento económico e sustentable, e coa economía produtiva**.
3. **O BNG vai levar esta cuestión, que está a preocupar a milleiros de cidadáns e cidadás aos distintos ámbitos institucionais**, Parlamento Europeo, Parlamento Galego, deputación e concellos para pedir que os grupos políticos se posicionen con clarezas en contra dos distintos proxectos. Dentro desas iniciativas, queremos anunciar que **unha delegación de representantes das distintas plataformas acudirá a Bruxelas, convidados pola eurodeputada do BNG, Ana Miranda**, para facer patente e expresar o seu rexeitamento a uns proxectos claramente lesivos para as comarcas de Ourense, e en consecuencia para os seus veciños e veciñas.

Xinzo da Limia | 4-5-2013

